

## **CANDIDATURA DE GCIENCIA**

### **O medio máis lido en idioma galego en todos os formatos**

GCiencia xurdiu en novembro de 2013 como un desafío á dobre crise da economía e dos medios de comunicación cun proxecto puramente xornalístico. Coa vocación facer divulgación científica en galego a través do xornalismo, o portal da ciencia galega logra atraer tras cinco anos de traxectoria ata 360.000 usuarios únicos mensuais e dous millóns de páxinas vistas (datos de AWStats). Iso converte a gciencia.gal non só no nativo dixital máis lido de Galicia e no quinto do total, a pesar do seu carácter non xeneralista, senón e sobre todo no medio de comunicación en galego máis lido en todos os formatos posibles.

Nun momento de crecente relevancia da divulgación científica, GCiencia aposta pola reflexión sobre a importancia de normalizar o uso do galego nun eido especialmente delicado. A imposición de extranxerismos, a constante actualización terminolóxica e a necesaria exactitude e falta de ambigüidade fan do correcto uso do galego un factor fundamental, ademais dunha útil ferramenta para a expansión do idioma propio de Galicia.

Nas redes sociais, os seus máis de 53.000 seguidores de Facebook constitúen a cuarta maior comunidade dos medios galegos, só por detrás de La Voz de Galicia e Faro de Vigo e a moi pouca distancia do El Correo Gallego. Ademais de duplicar as cifras de calquera outro nativo dixital, os seguidores de GCiencia son especialmente activos, como o demostran un alcance de 2.700.000 persoas e máis de 354.000 reaccións (likes, comentarios, compartidos, etc) que xera cada mes. Todo iso sen ter en conta outras redes sociais como Twitter ou Instagram e outras páxinas de Facebook vinculadas á oferta informativa de GCiencia, por exemplo Destinos de Ciencia, dedicada integramente ao turismo científico. Todas estas cifras son a confirmación do interese que esperta o eido científico cando se trata coa necesaria combinación de rigor e amenidade, pero tamén da necesidade de utilizar para iso o noso idioma.

GCiencia é un auténtico xornal da ciencia en galego, cuxos contidos se actualizan cunha media de dez noticias ou reportaxes diarios. A súa filosofía consiste principalmente en divulgar entre o público a ciencia e a tecnoloxía que se desenvolven en Galicia, dúas disciplinas que contan cunha gran tradición no país, grazas ao traballo de

entidades como universidades, museos, centros tecnolóxicos, as unidades galegas do CSIC ou empresas privadas de sectores como a automoción, farmacéuticas, da conserva ou o téxtil, entre outros.

Con ese modelo, GCiencia é un portal con seccións xenéricas (Mar, Natureza, Universidades, Tecnoloxía, etcétera), no que tamén caben unha sección de bitácoras escritas por relevantes divulgadores e unha Tribuna de Opinión aberta a destacados científicos, na que publicaron os seus artigos entre outros Ángel Carracedo, María José Alonso, Antonio Figueras, Jorge Mira ou David Posada. GCiencia abriu tamén seccións específicas dedicadas á celebración en 2014 do Ano da Biotecnoloxía en España ou en 2016 do Internacional dos Legumes.

Conta así mesmo con seccións de pímulas audiovisuais para entender de forma concisa algúns conceptos científicos cotiáns (A Ciencia dos Porqués) ou de artigos sobre empresas que alcanzaron o éxito a través da innovación (Innovar para Emprender). Outras son de perfil histórico (Historias GC) ou arqueolóxico (Xacementos). Tamén se lle dá protagonismo ao vídeo e á fotografía como elementos divulgativos fundamentais, a través de proxectos como Videonautas, Fotonautas ou A NASA en Galego, na que se publica a APOD (Astronomy Picture of the Day) da NASA co texto traducido en galego.

GCiencia pretende estar o máis preto posible do feito científico. En decembro de 2017, os seus xornalistas desprazáronse a Xenebra, Suíza, para presenciar sobre o terreo durante unha semana as investigacións realizadas por investigadores galegos na Organización Europea para a Investigación Nuclear (CERN), o que deu lugar a unha unha serie de reportaxes sobre o maior laboratorio do mundo de física de partículas. Un ano máis tarde, o xornal realizou unha cobertura especial das actividades que se desenvolven no Instituto de Astrofísica de Canarias, no que investiga un bo número de científicos galegos.

GCiencia é un proxecto impulsado por xornalistas de longa traxectoria no mundo dos medios de comunicación de Galicia. En novembro de 2013, e tras lograr nun proceso competitivo o apoio do Colexio de Xornalistas de Galicia, Pablo López e Eduardo Rolland –vinculados a medios como El País, El Confidencial ou La Voz de Galicia–, puxeron en funcionamento GCiencia, na actualidade consolidado como un modelo empresarial sustentable, que dá traballo a catro xornalistas, a un amplo número de colaboradores e a provedores de distinto tipo.

Recoñecido co Premio de Xornalismo Dixital do Foro da Comunicación de Galicia (2015) e co Premio de Xornalismo Científico da Real Academia Galega de Ciencias (2017), GCiencia publicou

desde o seu lanzamento máis de 9.000 contidos, na súa maioría reportaxes escritos, aínda que tamén audiovisuais, entrevistas, tribunas de opinión, programas de radio, blogues e seccións de fotografía. Os audiovisuais de produción propia sobre distintos aspectos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía emítense desde a canle GCiencia TV.

Desde o primeiro momento, GCiencia esforzouse en exercer xornalismo de calidade, por entendela como a fórmula máis adecuada para achegar ao público xeral un universo complexo como o científico. Todos os xornalistas que traballan ou traballaron para GCiencia son profesionais da información cunha traxectoria contrastada. A calidade dos textos foi sempre o seu principal reto, como o demostra que os seus contidos fosen incorporados a libros de texto ou incluídos nos exames de Reválida para 22.000 alumnos de Sexto de Primaria.


Como consecuencia da súa vocación de fomento da divulgación, baixo a marca de GCiencia veñen realizándose desde hai anos diversas actividades destinadas a facer accesible o coñecemento científico. É o caso dos premios de xornalismo científico ‘Contar a Ciencia’, destinado a alumnos de Comunicación das universidades galegas, creado por GCiencia en 2014 e baixo o amparo desde hai dous anos da Real Academia Galega de Ciencias. Ou os galardóns ‘Galicia Spin- Off’, creados en 2015, que recoñecen ás mellores empresas galegas nadas no ámbito universitario. Trátase de certames que contan coa colaboración de importantes entidades como Fundación La Caixa, Banco Pastor, Gadis ou a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta.

GCiencia veu realizando ademais outros labores de divulgación, como Talleres Científicos na rúa para achegar aos escolares ás Illas Cies desde unha perspectiva científica, a celebración da Semana da Ciencia de Vigo ou a histórica revista-anuario da Real Academia Galega de Ciencias, entre outras. GCiencia foi ademais en 2017 o único medio de comunicación español seleccionado pola FECYT para o plan de Fomento da Cultura Científica, Tecnolóxica e da Innovación, no que participa desde 2014.


O proceso de normalización do galego científico é crucial para que os seus falantes poidan percibir que todos os contidos de todos os temas poden ser comunicados nesta lingua. Trátase dun traballo con distintas vertientes, como a que afecta a léxicos e vocabularios –na que caben incluso propostas puntuais–, ou a relativa a difusión dos materiais elaborados a través de diferentes soportes. GCiencia é unha ferramenta de divulgación científica, pero tamén unha proposta cara a esa normalización do idioma de Galicia.

## Algúns datos de GCiencia:

Facebook. A 16 de maio de 2018. Fonte: Facebook




**Alcance de la publicación**  
Número de personas a las que se ha mostrado en pantalla cualquier publicación de tu página. Esta cifra es una estimación.




Tráfico. A 16 de maio de 2019. Fonte: AWStats

### Histórico Mensual




| Mes          | Visitantes distintos | Número de visitas | Páginas         | Solicitudes     | Tráfico           |
|--------------|----------------------|-------------------|-----------------|-----------------|-------------------|
| Ene 2017     | 0                    | 0                 | 0               | 0               | 0                 |
| Feb 2017     | 0                    | 0                 | 0               | 0               | 0                 |
| Mar 2017     | 0                    | 0                 | 0               | 0               | 0                 |
| Abr 2017     | 0                    | 0                 | 0               | 0               | 0                 |
| May 2017     | 283217               | 475880            | 1647428         | 6073355         | 232.21 GB         |
| Jun 2017     | 261022               | 510579            | 1429840         | 4988875         | 215.97 GB         |
| Jul 2017     | 333540               | 655562            | 1830561         | 5990131         | 177.98 GB         |
| Ago 2017     | 244554               | 441725            | 1604909         | 5412484         | 221.58 GB         |
| Sep 2017     | 247011               | 435629            | 1488049         | 5543774         | 294.66 GB         |
| Oct 2017     | 363493               | 678451            | 2188386         | 7978274         | 226.42 GB         |
| Nov 2017     | 233025               | 433256            | 1556265         | 5754007         | 127.28 GB         |
| Dic 2017     | 268443               | 504764            | 1867502         | 7155779         | 169.12 GB         |
| <b>Total</b> | <b>2234305</b>       | <b>4135846</b>    | <b>13612940</b> | <b>48896679</b> | <b>1665.23 GB</b> |

### Histórico Mensual



| Mes          | Visitantes distintos | Número de visitas | Páginas           | Solicitudes       | Tráfico           |
|--------------|----------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| Ene 2018     | 186,993              | 316,555           | 1,301,130         | 5,172,280         | 137.12 GB         |
| Feb 2018     | 155,226              | 252,841           | 1,018,971         | 3,921,252         | 101.04 GB         |
| Mar 2018     | 242,933              | 398,491           | 1,583,885         | 6,867,644         | 277.31 GB         |
| Abr 2018     | 162,174              | 271,315           | 1,068,139         | 4,421,072         | 129.84 GB         |
| May 2018     | 234,851              | 447,694           | 1,630,457         | 6,474,047         | 178.63 GB         |
| Jun 2018     | 197,212              | 364,516           | 1,236,783         | 4,772,847         | 127.44 GB         |
| Jul 2018     | 195,339              | 370,449           | 1,351,999         | 4,901,012         | 152.21 GB         |
| Ago 2018     | 203,781              | 409,749           | 1,499,314         | 5,474,884         | 175.53 GB         |
| Sep 2018     | 235,218              | 439,763           | 1,548,842         | 5,708,887         | 150.40 GB         |
| Oct 2018     | 263,353              | 500,752           | 1,820,192         | 6,779,128         | 158.63 GB         |
| Nov 2018     | 138,425              | 241,436           | 1,341,418         | 7,786,207         | 230.47 GB         |
| Dic 2018     | 124,516              | 215,371           | 730,152           | 5,837,229         | 181.16 GB         |
| <b>Total</b> | <b>2,340,021</b>     | <b>4,228,932</b>  | <b>16,131,282</b> | <b>68,116,489</b> | <b>1999.78 GB</b> |

### Histórico Mensual



| Mes             | Visitantes distintos | Número de visitas | Páginas          | Solicitudes       | Tráfico           |
|-----------------|----------------------|-------------------|------------------|-------------------|-------------------|
| Ene 2019        | 177,365              | 321,142           | 889,072          | 8,844,908         | 285.89 GB         |
| Feb 2019        | 100,501              | 180,015           | 547,840          | 4,792,445         | 157.39 GB         |
| Mar 2019        | 119,574              | 214,247           | 661,113          | 6,844,594         | 1767.31 GB        |
| Abr 2019        | 125,139              | 223,840           | 697,587          | 8,113,929         | 2257.20 GB        |
| <b>May 2019</b> | <b>60,325</b>        | <b>92,307</b>     | <b>270,274</b>   | <b>3,125,323</b>  | <b>845.60 GB</b>  |
| Jun 2019        | 0                    | 0                 | 0                | 0                 | 0                 |
| Jul 2019        | 0                    | 0                 | 0                | 0                 | 0                 |
| Ago 2019        | 0                    | 0                 | 0                | 0                 | 0                 |
| Sep 2019        | 0                    | 0                 | 0                | 0                 | 0                 |
| Oct 2019        | 0                    | 0                 | 0                | 0                 | 0                 |
| Nov 2019        | 0                    | 0                 | 0                | 0                 | 0                 |
| Dic 2019        | 0                    | 0                 | 0                | 0                 | 0                 |
| <b>Total</b>    | <b>582,904</b>       | <b>1,031,551</b>  | <b>3,065,886</b> | <b>31,721,199</b> | <b>5313.39 GB</b> |